



#QUEDANACASA

ORGANIZACIÓN
E PLANIFICACIÓN
DA ACTIVIDADE
ACADÉMICA

RECOMENDACIÓNS

PERÍODO DE CONFINAMENTO



O período de confinamento que estamos a vivir implica que todos e todas fagamos esforzos por seguir mantendo a harmonía nas nosas vidas.



O alumnado non está de vacacións e será, polo tanto, moi importante que se sigan mantendo as rutinas de traballo para ter garantido a continuidade no seu proceso educativo.



Todos os días, o alumnado deberá facer as tarefas académicas: escolares e, na medida do posible, extraescolares (música, idioma ...).



O profesorado tampouco está de vacacións, pero si ten limitado o contacto co seu alumnado. Por iso, nestes momentos, a familia debe desenvolver un papel fundamental para levar a cabo a supervisión do seu proceso de aprendizaxe.

ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA



É importante seguir establecendo horarios: horarios de levantarse, de deitarse, de rutinas de aseo e hixiene, de comidas, de ver a TV, de estar co móbil, de videoxogos...



Inevitablemente os horarios non serán os mesmos que antes. Por iso será necesario que se pacten entre o alumnado e a súa familia as novas rutinas a levar a cabo.

ACTIVIDADES ACADÉMICAS



Intentade traballar, como mínimo, as materias que tedes no horario escolar cada día; aínda que non tedes que seguir o horario escolar de forma exacta nin dedicarlle os 50 minutos a cada materia; pero si **facer as tarefas ou actividades que teñades encomendadas dun xeito organizado e seguindo as instrucións do profesorado.**



Será preciso incluír no horario períodos de descanso. Procurar non estar máis de 1 hora sentados de maneira continua. É convinte de maneira intermitente (cada pouco tempo) levantarse e estirarse.



Facede uso de todos os recursos educativos que o profesorado pon á vosa disposición (aula virtual, correo electrónico, páxina web...) para comunicarte co teu profesor/a e resolver as túas dúbidas.



Aproveitade para reforzar aqueles contidos, das diferentes materias, que che resulten máis difíciles.

ESPAZO DE ESTUDO



Agora, máis que nunca, é moi importante distribuír o espazo da casa. O alumnado debe contar co seu espazo para realizar as tarefas académicas, coas mellores condicións que sexan posibles (ausencia de ruído, boas iluminación e temperatura, acceso a internet, ordenador / tableta...).

TEMPO DE OCIO



Por suposto, será fundamental incluír no horario que se planifique, o tempo de dedicaremos a ocio.



Limitacións nos tempos de uso das pantallas e videoxogos: No debemos permitir o acceso libre e descontrolado a estas actividades. Eses horarios pódense consensuar entre alumnado e familias, ser flexibles (estamos ante unha situación excepcional) pero ter claro cando se está a facer abuso.



Pode ser unha boa oportunidade para iniciarse (ou seguir) noutras actividades que non impliquen pantallas: tarefas domésticas, lectura, deporte (táboas de exercicios virtuais), xogos de mesa, actividades manuais...

ALUMNADO 2º BAC




RECOMENDACIONES
ESPECÍFICAS PARA O
ALUMNADO DE 2º DE
BACHARELATO.

WEB

IES FRAGA

DO EUME



CADRO POR CURSOS E MATERIAS PARA A ORGANIZAR A ACTIVIDADE ACADÉMICA POR VÍA TELEMÁTICA.

Propostas de actividades a través da web, aula virtual, abalar e correo electrónico para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios).